

**CIRCULAR Nº 14**

ASUNTO:CIRCULAR Nº 14 FGB

FECHA DOCUMENTO:01/09/2016

NIVEL: 00

**TEMPADA 16-17**

**Destino:** Delegacións Zonais, Clubes.

**Asunto:** Para o trámite de licenzas de Xogadores/as non españois.

Por medio da presente queremos deixar claro o procedemento a seguir coa tramitación de licenzas de xogadores/as NON ESPAÑOIS:

1º.- Ningún xogador NON ESPAÑOL poderá xogar ata que, por parte desta FGB, se lle autorice especificamente.

2º.- Cando na Delegación Zonal un club entregue as solicitudes de licenza de calquera xogador/a NON ESPAÑOL, o administrativo responsable das licenzas deberá solicitarlle que entregue a seguinte documentación dependendo da súa situación

**PRIMEIRO REXISTRO DE XOGADORES/AS EN ESPAÑA DE XOGADORES/AS MENORES DE EDAD**

Este procedemento será de aplicación para todos os xogadores/as (menores de idade) que obteñan a licenza federativa en España por primeira vez e polo tanto **NUNCA ESTIVERAN REXISTRADOS EN NINGÚN CLUB AFILIADO A FIBA.**

En relación cos menores de idade, deberán diferenciarse os seguintes supostos:

Todos os xogadores/as, obrigatoriamente deben presentar a seguinte documentación:

- Formulario Documentación de Primeiro Rexistro.
- Copia do Pasaporte do Xogador/a.
- Certificación escolarización.
- Certificado do padrón de habitantes no que conste a data de alta en España
- Modelo de declaración Xurada (Self Declaration), asinada polo xogador e polo pai/nai ou titor legal.
- Declaración de dispoñibilidade para a Selección nacional de orixe do xogador/a
- Permiso de Residencia.
- Escrito dos pais explicando a situación e as razóns polas que se desprazaron a España.

Neste caso unha vez aportada a documentación completa, consultarase a Federación de orixe. Se o xogador/a non consta como rexistrado nesa Federación, remitirase autorización nese mesmo intre. No caso de non recibir resposta a dita consulta a FIBA procederá a autorizar a licenza do xogador.

**SPECIAL CASES (menores de 18 anos que estiveran rexistrados na súa Federación de Orixe).**

1) Para a tramitación do expediente deberá constar obrigatoriamente a seguinte documentación:

- Formulario Documentación Special Cases
- Copia do Pasaporte do Xogador/a
- Escrito dos pais expresando o consentimento o transfer e explicando a situación e as razóns polas que se despraza a España.
- Escrito do club de orixe dando o seu consentimento ó transfer.
- Declaración de dispoñibilidade para a Selección Nacional de orixe do xogador.
- Certificado de escolarización.
- Permiso de residencia

**FIBA comunica que non admitirá nin iniciará ningún expediente se non se remite a documentación completa.**

2) O tempo de resolución deste tipo de procedemento será de tres semanas a un mes, polo tanto co fin de non xerar ningún prexuício aos xogadores/as, requírese os clubs para que presenten a citada documentación con polo menos un mes de antelación ó rexistro do xogador en calquer equipo.

### **XOGADORES MAIORES DE EDAD**

Os Xogadores maiores de idade deberán presentar a seguinte documentación:

- Copia do Pasaporte do Xogador/a
- Solicitud de transfer.

Santiago, 1 Setembro 2016.



Asdo. Susana Fernández Fiuza  
Secretaria Xeral